

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3**  
**SESION EXTRAORDINARIA 9 DE MARZO DE 2015**

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, M<sup>a</sup> Olga  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Veloso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO  
POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos.  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN:

López Font, Carlos (grupo Socialista)  
Rodríguez Escudero, Cayetano (grupo Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e nove minutos do día nove de marzo do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Alonso Suárez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Señoras/es concelleiros iniciamos o Pleno en sesión extraordinaria, convocada por orde do día de 3 de marzo para o día de hoxe, ás 10 horas da mañá neste lugar, obra en poder das señoras/es concelleiros a orde do día, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos coa orde do día.

**ÚNICO (51).- TOMA DE COÑECEMENTO DO FALECIMENTO DO**

## **CONCELLEIRO D. PABLO BEIRO DIZ E TRASLADO DO ACORDO Á XUNTA ELECTORAL CENTRAL.**

De conformidade co sinalado no artigo 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral, en concordancia co previsto na Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, BOE nº 171 de 18 de xullo, o Pleno do Concello de Vigo queda enterado do falecemento do concelleiro adscrito ao grupo municipal do Partido Popular, D. PABLO BEIRO DIZ, e acorda dirixirse á Xunta Electoral Central indicando a este órgano que o nome da persoa -concelleira electa- a la que le corresponde expedir credencial ó obxecto de cubrir a vacante producida en virtude da orde de colocación na lista do Partido Popular (18) que concorreu ás eleccións municipais celebradas en fecha 22 de maio de 2011 é dona Carlota Muñoz Posse.

PRESIDENCIA: Eu quería mostrar as nosas condolencias e o noso pésame que xa lle demos a súa familia, quero facelo extensivo a tódolos integrantes do Grupo Popular e do Partido Popular en Vigo. Facer un recoñecemento da labor de D. Pablo Beiro Diz, que foi un gran concelleiro desta Corporación durante tantos anos, cun traballo recoñecido pola cidade e quero que conste así como manifestación da Alcaldía con respecto a ese traballo e a esa presenza activa na cidade, recoñecida en tantos e tantos sectores. Polo tanto, reiterar, condolencias e recoñecemento por tantos anos e tan bo traballo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Dende o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego tampouco queríamos deixar de pasar esta oportunidade sen manifestar tamén as nosas condolencias coa familia de D. Pablo Beiro Diz, cos membros do Partido Popular, compañeiros/as desta Corporación e destacar unha vez máis, téñense dito moitas cousas de D. Pablo Beiro, a súa faceta ademais de compañeiro desta Corporación, a súa faceta humana, o seu compromiso ineludible e constante con aqueles que sufrían e que sofren algún tipo de discapacidade, o seu amor polo deporte desta cidade, a súa entrega desinteresada para os máis pequenos. Na retina dos nosos ollos están sempre imaxes de cando víamos a D. Pablo Beiro ao carón dun neno en cadeiras, cando iniciabamos, xunto con algúns dos que estamos aquí, esas escolas municipais infantís para nenos con discapacidade e pensamos que o legado de D. Pablo Beiro é un legado que temos que continuar e seguir a súa loita para que esta cidade fora cada vez máis accesible, a súa loita por reivindicar a igualdade entre as persoas, en definitiva, creo que temos que recoller ese legado e entre todos/as seguir traballando para iso. Dende aquí tamén aproveitar para dicir que o Bloque Nacionalista Galego vaise sumar

e queremos sumarnos sen lugar a dúbidas a esa iniciativa do propio club AMFIV para que o pavillón de Bouzas, da nosa cidade, poida levar o seu nome, o nome da persoa que traballou alí durante moitas horas reivindicando o deporte na nosa cidade e a igualdade entre as persoas.

SRA. SILVA REGO: O Grupo municipal Socialista quere enviar unhas sentidas condolencias á familia de D. Pablo Beiro Diz e tamén ao Grupo municipal do Partido Popular e ao Partido Popular de Vigo polo seu falecemento. As persoas sempre son o máis importante, sobre todo cando a súa traxectoria vital está ligada ao compromiso e o compromiso cos que máis o necesitan, é certamente D. Pablo Beiro, foi unha figura na defensa dos dereitos dos discapacitados en Vigo, adicou a súa vida non só ao deporte senón a loitar porque as persoas que máis difícil teñen participar na vida cotiá o poidan facer. O Grupo municipal Socialista sente moi fortemente a súa perda, e consideramos que o que temos que facer todos hoxe neste Pleno é adicarillo a D. Pablo Beiro porque mereceuno pola súa traxectoria, polo seu traballo e polo compromiso.

SR. FIGUEROA VILA: Para nós o que sucedeu estes días é loxicamente un momento difícil para tódolos membros da Corporación, que eu quero empezar agradecendo a toda a Corporación polo trato, a exquisitez e sobre todo o comportamento extraordinario de arroupar ao Grupo Popular pero tamén arroupar a D. Pablo Beiro e a toda a súa familia.

D. Pablo Beiro era unha persoa exemplar, boa, cunha traxectoria impecable dende que comezou por unha situación de desgracia que superou sendo moi mozo, sempre adicou a súa vida e o seus minutos a crear un club deportivo, a que ese grupo deportivo se puidesen incorporar persoas con discapacidade, co cal o aspecto deportivo o cumpría eu creo que dunha maneira sensacional, pero tamén ese aspecto social, de boa persoa de pensar nos demais, de entender a vida como quería que os seus amigos fosen amigos de verdade. Polo tanto, nós queremos hoxe agradecer a todas aquelas persoas que se dirixiron a nós para darnos o pésame pola ausencia de D. Pablo Beiro, pero quería tamén dunha maneira especial agradecer a toda a Corporación, a toda a cidade de Vigo que se volcou e dunha maneira especial un afecto moi agarimoso para a súa familia, que hoxe está aquí representada polo seu sobriño e que creo que ao final D. Pablo Beiro segue aí, eu creo que D. Pablo Beiro ten que estar en letras grandes na cidade de Vigo e esperemos que o nome de D. Pablo Beiro a leve algunha instalación

ou infraestrutura da cidade de Vigo, eu estou convencido que o mesmo que durante estes días a Corporación estivo á altura das circunstancias, eu dígo con letras maiúsculas, quero agradecer a tódolos compañeiros tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Partido Socialista o comportamento que tivestes con nós e por suposto aos meus compañeiros do Grupo Popular que sei que sufriron, pasárono mal e que a perda de D. Pablo Beiro loxicamente é irreparable, é unha perda difícil de ocupar.

Polo tanto, gracias a todos e que D. Pablo Beiro onde estea, estou convencido que estará feliz porque a súa obra, ese legado que dicía o Sr. Domínguez está aí, e é unha persoa recoñecida polos seus méritos, polo seu traballo na cidade de Vigo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria do Pleno do día 9 de marzo de 2015. Consta de ..... folios da serie A numerados do ..... ao ....., e números do ..... ao ..... Aprobouse na sesión extraordinaria do Pleno do día 3 de xuño de 2015.

Vigo, a 3 de xuño de 2015

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda